

ORDENANZA DE TRÁFICO

Aprobada inicialmente en Pleno do 23 de marzo de 1998, a **Ordenanza de tráfico** e non producíndose ningunha alegación durante o período de exposición pública, de conformidade co establecido no citado acordo plenario, a aprobación inicial convértese en definitiva e a través deste escrito publícase integramente a dita ordenanza, a cal entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles desde a esta, en virtude do previsto nos arts. 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

ORDENANZA DE TRÁFICO

TÍTULO PRELIMINAR

ARTIGO 1

De conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, e das disposicións contidas no RD Lexislativo339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, dítase a presente ordenanza, que ten por obxecto regular a circulación nas vías e terreos públicos urbanos, aptos para a circulación, dentro do termo municipal do Grove.

ARTIGO 2

Para os efectos expresados no artigo anterior, consideraranse vías públicas urbanas todas aquelas que teñan carácter de dominio público e de titularidade municipal, así coma aquelas outras que sen seren de titularidade municipal estean comprendidas en zonas urbanas, de conformidade coa tipificación das NN. SS.

ARTIGO 3

Subsidiariamente naquelas materias non reguladas expresamente pola presente ordenanza, ou se é o caso nos seus anexos, aplicarase a Lei de tráfico e seguridade viaria, regulamento xeral de circulación e demais normas de carácter xeral.

ARTIGO 4

Conceptos utilizados: para os efectos desta ordenanza e normas complementarias, os conceptos básicos sobre vías públicas, vehículos, sinais e usuarios, utilizaranse os indicados no anexo da Lei de tráfico e seguridade viaria.

ARTIGO 5

Competencia do Ministerio do Interior: recoñéceselle ao Ministerio do Interior, a través do Organismo Autónomo Xefatura Central de Tráfico, o exercicio das competencias xerais que se lle atribúen aos artigos 5 e 6 da Lei de seguridade viaria

ARTIGO 6

Igualmente recoñécese a competencia sancionadora que exerce o gobernador civil da Provincia, ben directamente ou a través da Xefatura Provincial de Tráfico e que lle vén atribuída nas disposicións legais vixentes.

ARTIGO 7

Competencia municipal: corresponderanlle ao Concello do Grove as seguintes competencias, as cales se exercerán polo Sr. alcalde ou polo concelleiro delegado, nos casos nos que non se lle atribúan expresamente ao Pleno ou Comisión de Goberno:

- a) A ordenación e control do tráfico nas vías urbanas da súa titularidade, así como a vixilancia e denuncia das infraccións que se cometan nestas vías, por medio de axentes propios, e a sanción destas cando non estea expresamente atribuída a outra administración.
- b) A regulación mediante bando da Alcaldía dos usos das vías urbanas, facendo compatible a equitativa distribución dos estacionamentos entre todos os usuarios, coa necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peonil das rúas.
- c) A retirada dos vehículos das vías urbanas logo do informe da Policía Local e o

- posterior depósito de aqueles e os das vías interurbanas do termo municipal nos casos e condicións determinados regulamentariamente, cando obstaculicen ou dificulten a circulación ou supoñan un perigo para esta.
- d) A autorización de probas deportivas cando discorran íntegra e exclusivamente polo núcleo urbano.
 - e) A realización de probas, por medio de axentes propios, regulamentariamente establecidas para determinar o grao de intoxicación alcohólica, ou por estupefacientes, psicotrópicos ou estimulantes, dos condutores que circulen polas vías públicas urbanas.
 - f) O cerramento das vías urbanas cando sexa necesario.
 - g) A regulación do servizo de transporte urbano colectivo, transporte escolar, e dos vehículos de servizos de clase B, auto taxi e clase C, ambulancias, nos termos recollidos na súa regulamentación específica.
 - h) A regulación dos transportes pesados e perigosos, nos termos que se reflicten na súa ordenanza específica.
 - i) A regulación da carga e descarga.

ARTIGO 8

Correspóndelle á Policía Local ordenar, regular e dirixir o tráfico no núcleo urbano, de conformidade co establecido no artigo 53 da Lei orgánica de forzas e corpos de seguridade do estado e segundo as normas, bandos e ordenanzas ditadas para o efecto.

Así mesmo será da súa competencia formular as denuncias que procedan polas infraccións que se cometan contra o disposto na presente ordenanza, Lei de seguridade viaria, Regulamento xeral de circulación, e demais disposición complementarias.

ÁMBITO DE APLICACIÓN

ARTIGO 9

As normas desta ordenanza, que complementan o disposto no Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, seranlle de aplicación a todas as vías do concello.

SINALIZACIÓN

ARTICO 10

1. Os sinais preceptivos colocados nas entradas da poboación, rexen para todo o concello, agás sinalización específica para un tramo de rúa.
2. Os sinais que estean nas entradas das illas de peóns ou zonas de circulación restrinxida rexen en xeral para todos os seus respectivos perímetros.
3. Os sinais dos axentes da Policía Local prevalecen sobre calquera outro

ARTICO 11

1. Non se poderá colocar nin retirar ningún sinal sen a previa autorización da Alcaldía, ou, de ser o caso, da Comisión Municipal de Goberno, á que se elevará proxecto, informado pola Policía Local e o persoal técnico municipal. Os sinais colocados sen autorización, deteriorados ou que perdesen a súa vixencia, serán inmediatamente retirados por quen os colocase cando sexan requiridos para iso.
2. Só se poderán autorizar os sinais informativos que, a criterio da autoridade municipal, teñan un auténtico interese público.
3. Non se permitirá a colocación de publicidade sobre os sinais ou xunto a eles, agás que expresamente así o autorice a Alcaldía, ou, de ser o caso, a Comisión Municipal de Goberno. A súa colocación someterase a informe da Policía Local, que versará sobre a necesidade e efectividade dos sinais, e, en consideración á forma e características da vía, sobre a súa situación.
4. Prohíbese a colocación de toldos, carteis anunciadores e instalacións en xeral que

ceguen, impidan ou limiten a todos os usuarios, a normal visibilidade de semáforos e sinais, ou poidan distraer a súa atención. A súa colocación someterase a informe da Policía Local e posterior autorización da Alcaldía, ou, de ser o caso, da Comisión Municipal de Goberno.

5. Prohíbese deteriorar, trasladar, ocultar ou modificar de calquera xeito os sinais de circulación.

ARTIGO 12

O Concello procederá á retirada inmediata de toda aquela sinalización que non estea debidamente autorizada ou non cumpra as normas en vigor. E isto, tanto para o que respecta aos sinais non regulamentarios ou non autorizados, así como para os de forma, colocación ou deseño incorrecto.

ACTUACIÓNS ESPECIAIS DA POLICÍA LOCAL

ARTIGO 13

A Policía Local, por razóns de seguridade ou de orde pública, ou ben para garantir a fluidez da circulación, poderá modificar eventualmente a ordenación existente naqueles lugares onde se produzan grandes concentracións de persoas ou vehículos e tamén en casos de emerxencia. Con este fin poderán colocar ou retirar provisionalmente os sinais precisos, así como tomar as oportunas medidas preventivas.

OBSTÁCULOS NA VÍA PÚBLICA

ARTIGO 14

1. Prohíbese a colocación na vía pública de calquera obstáculo ou obxecto que poida dificultar a circulación de peóns ou vehículos ou causarlles riscos a estes ou que deterioren a vía pública ou as súas instalacións. Se é imprescindible a instalación dalgún na vía pública, será necesaria a previa obtención de autorización municipal, na que se determinarán as condicións que deben cumprirse, que será sometida a informe da Policía Local, ademais doutros que se consideren necesarios.
2. Exclúense do disposto no punto anterior os casos de perda de carga ou accidente, nos que se adoptarán polo causante ou por quen tivese coñecemento do feito, as medidas necesarias para advertirlles aos demais usuarios da existencia do perigo ou obstáculo.

ARTIGO 15

Todo obstáculo autorizado que dificulte a libre circulación de peóns ou vehículos deberá estar debidamente protexido, sinalizado e, en horas nocturnas, iluminado para garantir a seguridade dos usuarios.

ARTIGO 16

A autoridade municipal poderá retirar os obstáculos, logo de comunicarllo ao interesado e cos gastos a cargo deste, cando este non adopte as medidas necesarias, e nos seguintes casos:

1. Non se obtivese a correspondente autorización.
2. Que se extinguisen as circunstancias que motivaron a colocación do obstáculo ou obxecto.
3. Que se supere o prazo da autorización correspondente ou non se cumpran as condicións fixadas nesta. Que se crease unha molestia, un atranco ou un perigo grave, os axentes da Policía Local poderán proceder á retirada do obstáculo, logo de comunicarllo ao responsable cando estea no lugar, ou posteriormente se non estivese informando ao alcalde do actuado.

PEÓNS

ARTIGO 17

1. Os peóns transitarán polas beirarrúas, facéndoo preferentemente pola súa dereita. Onde non existan beirarrúas transitarán pola beiravía, sempre pola marxe esquerda no sentido da marcha, e procurando ocupar o menor espazo posible da calzada, se a beiravía non

fose practicable.

2. Cruzarán as calzadas polos pasos sinalizados e, se non os hai, polos extremos dos bloques de vivendas, perpendicularmente á calzada, coas debidas precaucións e ocupándoo o menor tempo posible. Nas prazas e glorietas, cruzarán rodeándoas.
3. Nos pasos regulados deberán de cumprir estritamente as indicacións a eles dirixidas.
4. Cando transiten pola noite en zonas de escasa iluminación, e se non hai beirarrúas, levarán os elementos luminosos ou reflectantes necesarios para facerse ver.

PARADA

ARTIGO 18

Toda parada estará sometida ás seguintes normas:

1. Como regra xeral, o condutor non poderá abandonar o vehículo, e se excepcionalmente o fixese, deberá telo o bastante cerca para retiralo no mesmo momento en que sexa requirido para iso ou as circunstancias así o esixan.
2. En calquera caso, a parada deberá facerse paralelamente ao bordo da calzada, situando o vehículo o máis próximo posible á beirarrúa da dereita, ou ao bordo dereito da calzada segundo o sentido da marcha, aínda que en vías dun só sentido de circulación tamén se poderá efectuar na esquerda. Os pasaxeiros deberán baixar polo lado correspondente á beirarrúa, e o condutor, se ten que baixar, poderá facelo polo outro lado, sempre que previamente se asegure que pode efectualo sen ningún tipo de perigo.
3. En todas as zonas e vías públicas, a parada efectuarase nos puntos onde menos inconvenientes se lle produzan á circulación, e nas rúas con chafrán, xustamente nel, sen sobresaír da aliñación das beirarrúas, e sempre que non reste visibilidade ao cruce. Exceptúanse os casos nos que os pasaxeiros estean enfermos ou impedidos e non exista outro lugar onde efectuar a parada, ou se trate de servizos públicos de urxencia ou de camións do servizo de limpeza ou recollida de lixo, sempre que as circunstancias do tráfico o permitan sen que poida ser causa de grave obstrución á circulación, se entorpeza o funcionamento dalgún servizo público ou se cree un risco potencial.
4. Nas rúas urbanizadas sen beirarrúa, deixarase unha distancia mínima dun metro desde a fachada ou cerramento máis próximo e o costado do vehículo, sempre que o ancho da calzada permita a parada sen obstáculo á circulación.

ARTIGO 19

Queda prohibida totalmente a parada:

1. Nas curvas e cambios de rasante de visibilidade reducida, nas súas proximidades e nos túneles.
2. Nos pasos a nivel, pasos para ciclistas e pasos para peóns.
3. Nos carrís ou partes da vía reservados exclusivamente para a circulación ou para o servizo de determinados usuarios e, polo tanto, nas zonas de peóns, nos carrís bus, bus-taxi ou taxi, e nas paradas de transporte público, reservadas para taxi ou bus ou de calquera forma de servizo público ou privado autorizado de acceso restrinxido a determinados usuarios. Por excepción, nas paradas de transporte público poderán pararse os vehículos desta natureza e as reservas poderán utilizalas os vehículos autorizados.
4. Nas interseccións e as súas proximidades
5. Nos lugares onde se impida a visibilidade da sinalización aos usuarios a quen afecte ou obrigue a facer manobras.
6. Nas vías declaradas de atención preferente (ou baixo outra denominación, de igual carácter) por bando da Alcaldía, con sinalización viaria específica.
7. En dobre fila, agás que aínda quede libre un carril en rúas de sentido único de circulación e dous en rúas de dous sentidos, sempre que o tráfico non sexa moi intenso, e non haxa espazo libre nunha distancia de 40 metros.
8. Ao lado de plataformas, refuxios, paseos centrais ou laterais e zonas sinaladas con franxas no pavimento tanto se é parcial como total a ocupación.
9. Nos rebaixes da beirarrúa para paso de diminuídos físicos.
10. Nos lugares onde o prohiba a sinalización correspondente.

11. Naqueles outros lugares onde se prexudique a circulación, creando obstrución ou risco, aínda que sexa por tempo mínimo.
12. Nos carrís destinados ao uso do transporte público urbano, ou nos reservados para bicicletas.
13. Nas zonas destinadas para o estacionamento e parada de uso exclusivo para o transporte público urbano.

ESTACIONAMENTO

ARTIGO 20

O estacionamento de vehículos rexeráse polas seguintes normas:

1. Os vehículos poderán estacionarse en fila, é dicir, paralelamente á beirarrúa, en batería, é dicir, perpendicularmente a aquela, e en semi-batería, oblicuamente, de acordo coas marcas viarias.
2. A norma xeral é que o estacionamento se fará en fila. A excepción a esta norma deberá sinalizarse expresamente.
3. Nos estacionamentos con sinalización no pavimento, os vehículos colocaranse dentro do perímetro marcado.
4. Os vehículos, ao estacionaren, colocaranse tan preto da beirarrúa como sexa posible, aínda que deixando un pequeno espazo para permitir a limpeza desa parte da calzada, non inferior a 10 centímetros nin superior a 30 centímetros.
5. En todo caso, os condutores deberán estacionar o seu vehículo de forma que nin poida poñerse en marcha espontaneamente nin o poidan mover outras persoas. Para tal obxecto deberán tomar as precaucións pertinentes. Os condutores serán responsables das infraccións que se poidan chegar a producir como consecuencia dun cambio de situación do vehículo por causa dalgunha das circunstancias que se mencionaron, agás que o desprazamento do vehículo por acción de terceiros se producise con violencia manifesta.
6. Non se poderán estacionar nas vías públicas os remolques separados do vehículo tractor que estea autorizado para desprazalos, os vehículos de terceira categoría e os vehículos especiais (ben sexan agrícolas ou de obras e servizos), agás nas zonas expresamente autorizadas.

ARTIGO 21

1. Queda absolutamente prohibido o estacionamento nas seguintes circunstancias:
2. Nos lugares onde o prohiban os sinais correspondentes.
3. Onde estea prohibida a parada, cree obstáculo ou risco potencial á circulación.
4. Sobresaíndo do vértice dunha esquina, obrigando aos outros condutores a facer manobras antirregulamentarias.
5. En dobre fila, tanto se a primeira está ocupada por un vehículo, un contedor ou algún outro elemento de protección.
6. En plena calzada. Entenderase que un vehículo está en plena calzada sempre que non estea xunto á beirarrúa, conforme determine o artigo 18.4 desta ordenanza.
7. Naquelas rúas onde a calzada só permita o paso dunha columna de vehículos.
8. Nas rúas de dobre sentido de circulación nas que o ancho da calzada só permita o paso de dúas columnas de vehículos.
9. A distancia inferior a cinco metros dunha esquina en rúas de menos de tres carrís, ou cando se moleste a manobra de xiro a calquera tipo de vehículo.
10. En condicións que se moleste a saída doutros vehículos estacionados regulamentariamente.
11. Sobre as beirarrúas, plataformas, refuxios, paseos centrais ou laterais, pasos de peóns e de ciclista e zonas sinalizadas con franxas no pavimento, tanto se é parcial coma total a ocupación.
12. Ao lado de plataformas, refuxios, paseos centrais ou laterais, rebaixes para o paso de diminuídos físicos e zonas sinalizadas con franxas transversais no pavimento.
13. En zonas sinalizadas como reserva de carga e descarga de mercadorías.
14. Nos vaos, sinalizados correctamente, sexa a súa ocupación total ou parcial.

15. Nun mesmo lugar por máis de oito días consecutivos e de forma ininterrompida.
16. Fóra dos límites dos perímetros de estacionamentos sinalizados.
17. Nas rúas sen beirarrúas a menos de 1 m das fachadas de edificacións ou muros de cerramento (de acordo co disposto no art.18.4 desta mesma ordenanza).
18. Nas zonas que, eventualmente, vaian ser ocupadas para actividades autorizadas, ou as que deban ser obxecto de reparación, sinalización ou limpeza. Nestes supostos daráselle publicidade á prohibición polos medios de difusión oportunos, ou mediante a colocación de avisos nos parabrisas dos vehículos estacionados e, en todo caso, dos correspondentes sinais. Esta publicidade previa efectuarase con vinte e catro horas de antelación, agás nos casos de xustificada urxencia.
19. Nos lugares habilitados pola autoridade municipal como estacionamento limitado en tempo, sen colocar o distintivo que o autoriza, ou cando colocado o distintivo se mantéña estacionado o vehículo en exceso sobre o tempo máximo permitido por esta ordenanza.

ARTIGO 22

1. Nas rúas con capacidade máxima para dúas columnas de vehículos e cun único sentido de circulación os vehículos serán estacionados nun dos lados da rúa, segundo se sinalice oportunamente. En caso de ausencia de sinalización o estacionamento farase de forma alternativa quincenal: do 1 ao 15, no lado dereito, do 16 ao 31, no lado esquerdo._
2. Nas rúas con capacidade máxima para tres columnas de vehículos e con sinalización de dobre sentido, o estacionamento farase nun lado da rúa, de acordo coa norma do parágrafo anterior.
3. No suposto de que a ausencia de sinais determine o estacionamento quincenal, ou onde expresamente así se sinalice, este realizarase de acordo coas seguintes normas:
 - a) O cambio de estacionamento ao final de cada período, farase como máximo ás oito da mañá do primeiro día do período seguinte, sempre que, ao facelo, non se moleste a circulación. Cando o día do cambio sexa festivo, efectuarase este ata as nove horas como máximo.
 - b) Non se poderá estacionar en ningunha das dúas bandas ata que se poida facer no lado correcto sen ningún prexuízo para o tráfico.

ARTIGO 23

Se polo incumprimento do apartado 14 do artigo 21 desta ordenanza, un vehículo resulta afectado por un cambio de ordenación do tráfico no lugar onde se atopa, cambio de sentido ou de autorización de aparcamento, de forma definitiva ou eventual, que comporte incluso o traslado do vehículo ao depósito municipal, o seu titular será responsable da nova infracción cometida, transcorridos 8 días desde o cambio.

ARTIGO 24

O estacionamento de vehículos de dúas rodas realizarase da seguinte forma:

- a) Sempre que existan estacionamentos especiais, utilizaranse, estacionando en semibatería ou batería.
- b) O estacionamento na calzada farase en semibatería, ocupando un ancho máximo de metro e medio.
- c) Cando se estacione unha motocicleta ou ciclomotor entre outros vehículos, farase de forma que non impida o acceso a estes últimos ou a súa posta en circulación.

INMOBILIZACIÓN E RETIRADA DE VEHÍCULOS NA VÍA PÚBLICA

ARTIGO 25

Inmovilización do vehículo:

1. A Policía Local poderá determinar a inmovilización dos vehículos cando como consecuencia do incumprimento das normas contidas na presente ordenanza, da súa utilización puidese derivarse un risco grave para a circulación, as persoas ou os ben se nos seguintes casos:

- 1º No suposto de accidente ou avaría que impida continuar a marcha con seguridade.
 - 2º No suposto de perturbación física ou psíquica do condutor que lle impida levar o vehículo en condicións normais.
2. Os axentes da Policía Local, sen prexuízo da denuncia que deberán formular polas infraccións correspondentes, poderán ordenar a inmovilización inmediata do vehículo nos seguintes casos:
- 1º Cando o condutor non leve o permiso de circulación do vehículo ou autorización que o substitúa e existan dúbidas en relación coa súa identidade ou domicilio.
 - 2º Cando, polas condicións externas do vehículo, se considere que constitúe un perigo ou produza danos na calzada.
 - 3º Cando o vehículo circule cunha altura ou un ancho superior ao permitido na Lei de seguridade viaria, ou no seu caso, na autorización especial de que puidese estar provisto.
 - 4º Cando o vehículo circule cunha carga ou lonxitude total que exceda do 10 por 100 da que teña autorizada.
 - 5º Cando as posibilidades de movemento ou o campo de visión do condutor resulten sensiblemente diminuídos polo número ou posición dos pasaxeiros ou pola colocación dos obxectos transportados.
 - 6º Cando o condutor se atope en estado de embriaguez, ou se negue a realizar as probas de detección de alcolemia, presentando tales síntomas.
 - 7º Cando non se levaran a cabo as inspección técnicas obrigatorias previstas na Lei de seguridade viaria e supoña un grave risco para a seguridade do tráfico.
- Se unha vez inmovilizado o vehículo, o seu condutor solicitase da autoridade competente a súa posta en circulación, deberá satisfacer previamente, se é o caso, o importe dos gastos ocasionados con motivo da inmovilización, conforme ao que determine a ordenanza municipal correspondente.
3. A inmovilización levarase a efecto no lugar que indique a autoridade municipal, e non se levantará ata que queden corrixidas as deficiencias que a motivaron ou se proceda á retirada do vehículo nas condicións que esta autoridade determine.

ARTIGO 26

Retirada do vehículo:

A Policía Local poderá proceder, se o obrigado a efectualo non o fixese, á retirada do vehículo da vía, e ao seu traslado ao depósito municipal de vehículos, nos seguintes casos:

- 1.— Sempre que constituía perigo ou cause grave problema á circulación ou ao funcionamento dalgún servizo público e tamén cando se poida presumir racionalmente o seu abandono na vía pública.
- 2.— En caso de accidente que lle impida continuar a marcha.
- 3.— Cando estivese inmovilizado por deficiencias do mesmo vehículo.
- 4.— Cando, inmovilizado un vehículo, de acordo co que dispón o artigo 67.1, parágrafo terceiro, do Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, o infractor persistise na súa negativa a depositar ou garantir o pagamento do importe da multa, por calquera medio admitido en dereito.

ARTIGO 27

A título enunciativo, está xustificada a retirada de un vehículo, nos seguintes casos:

1. En todos os casos enumerados no Regulamento xeral de circulación e no código de circulación.
2. Cando transcorreran 24 horas desde que o vehículo fose denunciado, en virtude do disposto no artigo 292 apartado III. b), 13 do Código da Circulación de 25/09/1934, e continúe no mesmo lugar de infracción.

3. Cando estea estacionado nun lugar onde estea prohibida a parada.
4. Cando estea estacionado en dobre fila sen condutor.
5. Cando sobresaia do vértice dun chafrán ou do extremo do ángulo dunha esquina e obrigue aos outros condutores a facer manobras con risco.
6. Cando estea estacionado nun paso de peóns sinalizado, no extremo dos bloques de vivendas destinados a paso de peóns ou nun rebaixe da beirarrúa para diminuídos físicos.
7. Cando ocupe total ou parcialmente un vao.
8. Cando estea estacionado nunha zona reservada para carga e descarga, durante as horas da súa utilización.
9. Cando estea estacionado nunha parada de transporte público sinalizada e delimitada.
10. Cando estea estacionado en lugares expresamente reservados a servizos de urxencia ou seguridade.
11. Cando estea estacionado diante das saídas de emerxencia de locais destinados a espectáculos públicos, durante as horas de celebración.
12. Cando estea estacionado nunha reserva para diminuídos físicos.
13. Cando estea estacionado total ou parcialmente sobre a beirarrúa, plataforma, refuxio, paseo, zona de precaución ou zona de franxas no pavimento, agás autorización expresa.
14. Cando lles impida a visibilidade dos sinais de tráfico ao resto dos usuarios da vía pública.
15. Cando impida o xiro ou obrigue a facer manobras para efectualo.
16. Cando obstaculice a visibilidade do tráfico dunha vía pública aos condutores que accedan dende outra.
17. Cando impida total ou parcialmente a entrada a un inmoble ós seus ocupantes.
18. Cando estea estacionado en lugar prohibido en vía declarada de atención preferente ou baixo outra denominación de igual carácter, por Bando da Alcaldía e estea especificamente sinalizada.
19. Cando estea estacionado en plena calzada.
20. Cando estea estacionado nunha illa de peóns fóra das horas permitidas, agás que estea expresamente autorizado.
21. Sempre que, coma en todos os casos anteriores, constitúan perigo ou cause grave molestia á circulación ou ó funcionamento dalgún servizo público.
22. Cando estea estacionado no itinerario ou espazo que teña que ser ocupado por unha comitiva, desfile, procesión, cabalgata, proba deportiva ou outra actividade de relevo, como é o mercado ambulante dos venres, sempre que estean debidamente autorizados e sinalizados.

ARTIGO 28

A Policía Local tamén poderá retirar os vehículos da vía pública, aínda que non estean en infracción, nos seguintes casos:

1. Cando estean estacionados nun lugar que haxa que ocupar para un acto público debidamente autorizado.
2. Cando resulte necesario para a limpeza, reparación ou sinalización da vía pública.
3. En caso de emerxencia.

Estas circunstancias deberanse advertir co máximo tempo posible, e os vehículos serán conducidos ao lugar autorizado máis próximo que se poida, e se non houberse ningún, ao depósito, coa indicación aos seus titulares, cando fosen coñecidos, da situación daqueles.

Os mencionados traslados non comportarán ningún tipo de gasto para o titular do vehículo, calquera que sexa o lugar onde sexa conducido o vehículo.

ARTIGO 29

Agás as excepción legalmente previstas, os gastos que se orixinen como consecuencia da retirada do vehículo e a súa estancia no depósito municipal, serán por conta do titular, que deberá pagalos ou garantir o seu pagamento como requisito previo para a devolución do vehículo, sen prexuízo do dereito que ten de interposición do correspondente recurso.

Por outra banda, a retirada do vehículo, só poderá facela o titular ou persoa autorizada.

ARTIGO 30

A retirada do vehículo suspenderase inmediatamente se o condutor comparece antes de que o guindastre comezase a marcha co vehículo enganchado e adopta as medidas necesarias para facer cesar a situación irregular na que se atopaba o coche, facendo efectivo, como requisito previo ao desenganche, o pagamento da taxa correspondente por traslado do guindastre.

VEHÍCULOS ABANDONADOS

ARTIGO 31

Poderase considerar que un vehículo está abandonado se existe algunha das circunstancias seguintes:

1. Que este estacionado por un período superior a oito días no mesmo lugar da vía pública.
2. Que presente danos que permitan presumir racionalmente unha situación de abandono ou de imposibilidade de movemento polos seus propios medios.
3. Cando trasladado ao depósito municipal, e notificado o titular conforme a dereito, non sexa nun prazo máximo de oito días hábiles.

ARTIGO 32

1. Os vehículos abandonados serán retirados e ingresados no depósito municipal.
2. Os gastos correspondentes de traslado e permanencia serán a cargo do titular do vehículo.
3. Dos vehículos abandonados polos seus titulares, e con expresa exclusión dos suxeitos a intervención xudicial, pola Policía Local, e no seu caso os servizos administrativos correspondentes, farán as xestións de localización do seu titular, notificacións e anuncios preceptuados na lexislación de aplicación.
4. No suposto de vehículos automóbiles con deterioración evidente, aplicarase o prazo reducido de oito días previsto no artigo 615 do Código Civil, coas actuacións previas legais, para a súa conversión en chatarra a través do procedemento acordado pola Administración Municipal.
5. As relacións de vehículos aos que se refire o apartado cuarto, irán asinadas polo Sr. xefe da Policía Local. En garantía dos titulares destes vehículos e para os efectos de posibles reclamacións, de cada vehículo quedará constancia expresa da súa descrición e estado, con todos os datos de que se dispoña, ademais de documentación gráfica, coordinándose as actuacións entre a Policía Local e o pertinente servizo administrativo.

O alcalde autorizará, por decreto, a venda daqueles vehículos que reúnan estas condicións, a proposta da Policía Local.

MEDIDAS CIRCULATORIAS ESPECIAIS

ARTIGO 33

Cando circunstancias especiais o requiran, a Policía Local poderá tomar as oportunas medidas de ordenación do tráfico, prohibindo ou restrinxindo a circulación de vehículos, ou canalizando as entradas a unhas zonas da poboación por determinadas vías, así como reordenando o estacionamento.

ILLA DE PEÓNS

ARTIGO 34

A Administración municipal poderá, porque as características dunha determinada zona da poboación o xustifiquen, establecer a prohibición total ou parcial de circulación e estacionamento de vehículos, ou só unha das cousas, co fin de reservar todas ou algunhas das vías públicas comprendidas dentro da zona mencionada ao tráfico de peóns. Estas zonas denominaranse illas de peóns e determinaranse mediante bando.

ARTIGO 35

As illas de peóns deberán ter a oportuna sinalización na entrada e saída, sen

prexuízo de poder utilizarse outros elementos móbiles que impidan a entrada e a circulación de vehículos na rúa ou na zona afectada.

ARTIGO 36

Nas illas de peóns, a prohibición de circulación e estacionamento de vehículos poderá:

- 1.—Comprender a totalidade das vías que estean dentro do seu perímetro ou só algunhas delas.
- 2.—Limitarse ou non a un horario preestablecido.
- 3.—Ter carácter diario ou referirse a un número determinado de días.

ARTIGO 37

1. Calquera que sexa o alcance das limitacións dispostas, non afectarán á circulación nin ao estacionamento dos seguintes vehículos:

- A.— Os do Servizo de Bombeiros, os corpos de Seguridade, as ambulancias e, en xeral, os que sexan necesarios para a prestación de servizos públicos, sempre que non teñan rutas alternativas.
- B.— Os que transporten enfermos a un inmobile da zona.
- C.— Os que saian dun garaxe situado na zona ou vaian a el, e os que saian dun estacionamento autorizado dentro da illa.
- D.— As bicicletas, cando circulen a unha velocidade non superior ao paso das persoas.

2. O incumprimento das normas establecidas neste título e no correspondente bando constitúe unha infracción que será sancionada.

PARADA DE TRANSPORTE PÚBLICO DE VIAXEIROS

ARTIGO 38

1. A Administración municipal determinará os lugares onde deberán situarse as paradas de transporte público.
2. Non se poderá permanecer nestas máis tempo que o necesario para recoller ou deixar viaxeiros, agás as sinalizadas como orixe ou final de liña.
3. Nas paradas de transporte público destinadas ao servizo de taxi, estes vehículos poderán permanecer, unicamente á espera de pasaxeiros.
4. Procurarase que o número de vehículos autorizados non sexa superior á capacidade da parada.
5. Non se efectuarán paradas ou estacionamentos de transporte público en lugar distinto dos autorizados, ou fóra do espazo limitado para estes, agás no caso dos taxis para deixar viaxeiros.
6. A desobediencia ao establecido nos puntos 2 e 5 constituirá unha infracción sancionable.

RESERVAS PARA O ESTACIONAMENTO NA VÍA PÚBLICA

ARTIGO 39

1.- As reservas de estacionamento na vía pública deberán andar coa aprobación da Alcaldía ou a CMG, se é o caso, logo do informe da Policía Local.

ARTIGO 40

1. As reservas de carácter particular serán solicitadas polas persoas físicas ou xurídicas, ou entidades que pretendan o aproveitamento particular do dominio público e estarán suxeitas a prezo público de acordo coa ordenanza fiscal correspondente. Na solicitude farase constar o uso que se pretenda, e se esta fose para determinados vehículos, as matrículas destes e os datos dos titulares, a duración e o carácter temporal destes, situación e medidas.
2. Estas solicitudes serán informadas pola Policía Local e os departamentos técnicos que se consideren convenientes, segundo o caso.

ARTIGO 41

1. As reservas de estacionamento poden ser:
2. Para paradas de transporte público de viaxeiros.
3. Para carga e descarga, de carácter particular
4. Para carga e descarga, de carácter xeral.
5. Para estacionamento de servizos ou entidades públicas
6. Para diminuídos físicos de carácter xeral.
7. Para diminuídos físicos de carácter particular.
8. Para servizos de policía, bombeiros, ambulancias e en xeral para servizos de urxencias.

O acordo de creación ou concesión da reserva de estacionamento conterà, en cada caso, as condicións do seu uso.

ARTIGO 42

Nos casos de reservas para determinados vehículos, expediranse tarxetas, de acordo cos modelos presentados no anexo, coa finalidade de identificar os vehículos autorizados. Esta tarxeta non ten outra finalidade que a identificación dos automóviles de cada reserva e non autorizan estacionamentos en lugares distintos dos da reserva para a que son solicitados.

CARGA E DESCARGA

ARTIGO 43

A carga e descarga de mercadorías deberá realizarse fóra da vía, no interior dos locais comerciais e industriais, sempre que reúnan as condicións axeitadas.

ARTIGO 44

1. Cando as condición dos locais comerciais ou industriais non permitan a carga e descarga no seu interior, estas operacións faranse nas zonas reservadas para este fin.
2. A Alcaldía, ou a CMG, de ser o seu caso, poderá outorgar nas rúas do concello zonas reservadas para que os vehículos destinados ao transporte de mercadorías poidan efectuar a carga e descarga.
3. As zonas reservadas sinalizaranse tanto vertical como horizontalmente cos sinais homologados polas normas vixentes en materia de tráfico.
4. Poderán utilizar as zonas de carga e descarga unicamente os vehículos destinados ao transporte de mercadorías rotulados como tales, e que o seu peso non exceda de 3.500 kg.
5. Só se poderá utilizar a zona de carga e descarga o tempo imprescindible para efectuar as operacións necesarias.
6. Nas rúas peonís non se utilizarán zonas reservadas de carga e descarga.

ARTIGO 45

1. En ningún caso os vehículos que realicen operacións de carga e descarga poderán facelas nos lugares onde con carácter xeral estea prohibida a parada.
2. Tampouco poderán parar total ou parcialmente nas beirarrúas, plataformas, paseos ou zonas sinalizadas con franxas brancas oblicuas.

ARTIGO 46

As mercadorías e demais materiais que sexan obxecto de carga e descarga non se deixarán sobre a calzada ou a beirarrúa, senón que se trasladarán directamente do inmovible ao vehículo ou viceversa.

ARTIGO 47

As operacións de carga e descarga faranse coas debidas precaucións para evitar ruídos innecesarios e coa obriga de deixar limpa a beirarrúa.

ARTIGO 48

As mercadorías cargaranse e descargaranse polo lado do vehículo máis próximo á beirarrúa, utilizando os medios necesarios para axilizar a operación e procurando non dificultar a circulación, tanto de peóns como de vehículos.

ARTIGO 49

1. As zonas reservadas de carga e descarga que supoñan un aproveitamento particular da vía pública serán autorizadas pola Comisión municipal de Goberno, e sometidas a prezo público.
2. As persoas ou entidades autorizadas na concesión destes aproveitamentos deberán solicitar previamente a correspondente licenza en instancia acompañada dun deseño detallado da ocupación, de acordo co sinalado na ordenanza correspondente.
3. Será preceptivo o informe da Policía Local e dos servizos técnicos correspondentes.
4. As reservas de espazo particulares someteranse a xuízo da Comisión, que aplicará criterios restritivos e resolverá motivadamente, o que constará no acordo.

ARTIGO 50

1. As reservas de carga e descarga de carácter xeral estarán sometidas a réxime de limitación de horario, que se fixará con carácter xeral de 7.00 a 11.00 horas e de 15.00 a 17.00 horas, de luns a sábados.
2. Atendendo a circunstancias de situación, proximidade de outras zonas reservadas ou frecuencia de uso, poderán establecerse variantes ao mencionado réxime xeral do horario.
3. Tanto a situación das reservas de carga e descarga de carácter xeral, coma os seus horarios, determinaranse a través dun bando da Alcaldía.

COLECTORES

ARTIGO 51

1. Os colectores de recollida de mobles ou obxectos, os de residuos de obras e os de lixo domiciliario, colocaranse naqueles puntos da vía pública que o órgano municipal competente determine, evitando calquera prexuízo para o tráfico e a menor parda de estacionamentos posibles.
2. Os lugares da calzada destinados á colocación de colectores terán a condición de reservas de estacionamento e serán limitadas mediante elementos físicos visibles.

CARRÍS RESERVADOS

ARTIGO 52

1. Polos carrís reservados só poderán circular os vehículos que indique a sinalización correspondente.
2. Calquera estacionamento nestes carrís, considerarase obstrución grave á circulación, xa que dificulta gravemente ou impide o normal funcionamento dun servizo público.

PRECAUCIÓN DE VELOCIDADE EN LUGARES DE INFLUENCIA

Nas rúas onde se circula por un carril e en todas aquelas onde a afluencia de peóns sexa considerable, os vehículos reducirán a velocidade á axeitada e tomarán as precaucións necesarias.

As mesmas medidas deberán ser adoptadas en caso de choiva, mal estado do pavimento ou estreitamento da vía.

CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS DE DÚAS RODAS

ARTIGO 54

1. Os vehículos automóbiles de dúas rodas (motocicletas ou ciclomotores) non poderán circular entre dúas filas de vehículos de superior categoría, nin entre unha fila e a beirarrúa.
2. As motocicletas e os ciclomotores non poderán producir ruídos ocasionados por aceleracións bruscas, tubos de escape alterados ou outras circunstancias anómalas.
3. Os vehículos aos que se fai referencia no apartado anterior non poderán circular en ningún caso por beirarrúas e paseos.

BICICLETAS

ARTIGO 55

1. As bicicletas poderán circular polas beirarrúas, plataformas e paseos, se teñen un carril especialmente reservado para esta finalidade, pero os peóns gozarán de preferencia de paso.
2. Onde existan, circularán polos carrís reservados a bicicletas; se non os houberse, farano polas beiravías (se son practicables). Cando circulen pola calzada, farano tan preto da beirarrúa dereita como lles sexa posible, agás onda haxa carrís reservados a outros vehículos. Neste caso, circularán polo carril contiguo ao reservado.
3. Nas vías con diversas calzadas, circularán polos laterais dereitos.
4. Nos parques públicos e illas de peóns, farano polos camiños sinalizados. Se non hai, non excederán a súa velocidade da normal dun peón. En calquera caso estes gozarán de preferencia.

PERMISOS ESPECIAIS PARA CIRCULAR

ARTIGO 56

Os vehículos que teñan un peso ou unhas dimensións superiores ás autorizadas regulamentariamente non poderán circular polas vías públicas urbanas de titularidade municipal sen autorización municipal; esta autorización é independente da outorgada polo Ministerio de Fomento á que fai referencia o artigo 222 do Código da Circulación.

As autorizacións indicadas no punto anterior poderán ser para unha soa viaxe ou número determinado, sendo outorgadas polo alcalde e solicitadas a través de instancia dirixida a este.

TRANSPORTE ESCOLAR E DE MENORES

ARTIGO 57

A prestación dos servizos de transporte escolar e de menores dentro do municipio estará suxeita á previa autorización municipal.

ARTIGO 58

Na aplicación desta ordenanza, entenderase por transporte escolar urbano o transporte discrecional reiterado de escolares en vehículos automóbiles públicos ou de servizo particular complementario, con orixe nun centro de ensino ou con destino a este, cando a idade de un terzo, como mínimo, dos alumnos transportados, referida ao principio do curso escolar, sexa inferior a dezaseis anos e o vehículo circule dentro do concello.

ARTIGO 59

Considerarase transporte urbano de menores o transporte non incluído no artigo precedente, realizado en vehículos automóbiles de máis de nove prazas, incluída a do condutor, sexa público ou ben de servizo particular complementario, cando como mínimo as tres cuartas partes dos viaxeiros sexan menores de catorce anos e o itinerario só se efectúe polo municipio.

ARTIGO 60

Para a realización do transporte escolar ou de menores dentro do concello deberán solicitar a autorización municipal as persoas físicas ou xurídicas titulares dos vehículos ou do servizo, as cales lle xuntarán á solicitude a documentación requirida pola lexislación vixente e, no caso do transporte escolar, o itinerario que propoñan e as paradas que pretendan efectuar.

ARTIGO 61

A autorización motivada, logo do informe da Policía Local, será outorgada pola Alcaldía e, se é o caso, pola Comisión municipal de Goberno e só terá vixencia para o uso escolar correspondente.

Deberase solicitar nova autorización por calquera modificación das condicións que foi outorgada, tipo de vehículo, número de pasaxeiros, itinerario e paradas.

As autorizacións municipais serán colocadas polos condutores en sitio visible e amosaránselles aos axentes da Policía Local cando sexan requiridas para iso.

O incumprimento destas obrigacións constituirá unha infracción sancionable.

ESTACIÓNS DE AUTOBUSES

ARTIGO 62

As estacións de autobuses e as terminais autorizadas serán a orixe ou o final das liñas de transporte regular de viaxeiros de carácter interurbano. Os autobuses interurbanos non farán outras paradas dentro do concello, agás as expresamente autorizadas por decreto da Alcaldía.

USOS PROHIBIDOS NAS VÍAS PÚBLICAS

ARTIGO 63

1. Non se permitirán nas zonas reservadas ao tráfico de peóns nin nas calzadas os xogos ou diversións que poidan representar un perigo para os transeúntes ou incluso para as mesmas persoas que os practiquen.
2. Os patíns, monopatíns, patinetes, bicicletas ou triciclos de nenos e similares, axudados ou non de motor, poderán circular polas beirarrúas, plataformas e paseos, axeitando a súa velocidade á normal dun peón e estarán sometidos ás normas establecidas para estes no artigo 17 desta ordenanza.
3. Os axentes da Policía Local poderán intervir os xoguetes instrumento da infracción polo tempo necesario de identificar unha persoa responsable e notificarlle a denuncia.

ANULACIÓN, REVOGACIÓN E INTERVENCIÓN DE AUTORIZACIÓNS

ARTIGO 64

As autorizacións e permisos municipais referentes a materias relacionadas con esta ordenanza poderán ser revogadas polo Concello mediando xusta causa ou por non cumprir os requisitos ou axustarse ás condicións do seu outorgamento.

ARTIGO 65

No curso dos procedementos de declaración de nulidade, anulación e revogación das autorizacións administrativas poderá acordarse a suspensión cautelar ou intervención da autorización en cuestión cando o seu mantemento entrañe un grave perigo para a seguridade do tráfico ou prexudique notoriamente o interese público, neste caso a autoridade que coñeza o expediente ordenará, mediante resolución fundada, a intervención inmediata da autorización e a práctica de cantas medidas sexan necesarias para impedir o efectivo exercicio desta.

PROCEDEMENTO SANCIONADOR

ARTIGO 66

Persoas responsables.

1. A responsabilidade polas infraccións ao disposto nesta ordenanza recaerá directamente no autor do feito no que consista a infracción.
2. titular que figure no rexistro do vehículo será en todo caso responsable polas infraccións relativas á documentación do vehículo, as relativas ao estado de conservación, cando as deficiencias lles afecten ás condición de seguridade do vehículo, e polas derivadas do incumprimento das normas relativas a recoñecementos periódicos.
3. titular do vehículo, debidamente requirido para iso, ten o deber de identificar o condutor responsable da infracción e, se incumprise esta obriga no trámite do procedemento oportuno sen causa xustificada, será sancionado pecuniariamente como autor de falta grave.

ARTIGO 67

Ámbito de aplicación.

Non se imporá ningunha sanción por infraccións aos preceptos desta Ordenanza Municipal de Circulación senón en virtude do procedemento instruído consonte as normas previstas no presente título desta ordenanza. En todo aquilo que non estea previsto nesta ordenanza será de aplicación o procedemento regulado no Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto 320/1994, do 25 de febreiro ou, no seu defecto, polo procedemento establecido no Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

ARTIGO 68

Actuacións administrativas e xudiciais penais.

1. En caso de falta de tipificación de infraccións por parte desta ordenanza e que se contemplan como tales na Lei de seguridade viaria, disposicións complementarias ou norma vixente de carácter xeral, estarase ao que dispoñan estas para os efectos de sanción.
2. Cando, como consecuencia dun proceso penal, se abstivese a Administración de actuar para sancionar posibles infraccións aos preceptos do Texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria e o proceso remate con sentenza absolutoria ou outra resolución que lle poña fin provisional ou definitivamente, sen declaración de responsabilidade penal e sempre que esta ron estea fundamentada na existencia do feito, poderá iniciarse, continuar ou continuarse o correspondente procedemento nos termos previstos nesta ordenanza para determinar a posible existencia dunha infracción administrativa.

ARTIGO 69

Incoación do procedemento.

O procedemento sancionador incoarao de oficio a autoridade municipal competente que teña noticias dos feitos que poidan constituír infracción aos preceptos desta ordenanza ou mediante denuncia formulada polos axentes da autoridade encargados

da vixilancia e seguridade do tráfico.

Así mesmo, poderá incoar un procedemento a autoridade municipal competente como consecuencia da denuncia formulada por calquera persoa que teña coñecemento de feitos que supoñan infraccións de circulación.

ARTIGO 70

Denuncias de carácter obrigatorio e voluntario.

1. Os axentes da autoridade encargados do servizo de vixilancia do tráfico deberán denunciar as infraccións que observen cando exerzan funcións de vixilancia e control da circulación viaria.
2. Calquera persoa poderá, igualmente, formular denuncia por feitos que poidan constituír infraccións aos preceptos contidos na presente ordenanza.
3. Terán consideración de denuncias voluntarias as formuladas polos vixilantes xurados: peirao, instalacións ferroviarias, persoal do servizo ORA, etc.

ARTIGO 71

Comido das denuncias.

Nas denuncias por feitos de circulación, deberá constar a identificación do vehículo co que se cometese a suposta infracción, a identidade do denunciado, se fose coñecida, unha relación circunstanciada do feito, con expresión do lugar, data e hora e o nome, profesión e domicilio do denunciante. Cando este sexa un axente da autoridade, poderán substituírse estes datos polo seu número de identificación.

ARTIGO 72

Requisitos das denuncias de carácter obrigatorio por feitos de circulación.

Os correspondentes boletíns de denuncia estenderanse por triplicado. Un deles quedará en poder do denunciante, o segundo entregaráselle ao denunciado, se fose posible, e o terceiro remitiráselle á Alcaldía.

Os boletíns serán asinados polo denunciante e o denunciado, sen que a sinatura deste último implique conformidade cos feitos que motivan a denuncia, senón unicamente coa recepción do exemplar a el destinado. No caso de que o denunciado se negase a asinar ou non soubese facelo, o denunciante así o fará constar.

Cando o condutor denunciado non estivese presente no momento de estender a denuncia, o boletín colocarase suxeito polo limpaparabrisas do vehículo, sen que iso implique notificación da infracción e facéndose constar a súa ausencia.

ARTIGO 73

Cando o condutor responsable da infracción resultase descoñecido, notificaráselle a denuncia á persoa que figura como titular do vehículo nos rexistros de condutores e infractores.

O titular do vehículo estará obrigado a facilitar os datos do condutor infractor, sendo en caso negativo sancionado como autor da comisión de falta grave.

ARTIGO 74

Requisitos das denuncias de carácter voluntario por feitos de circulación.

- a) A denuncia poderá formularse verbalmente ante os axentes de vixilancia de tráfico máis próximos ao lugar do feito ou por escrito dirixido ao alcalde-presidente, que se presentará no Rexistro Xeral da corporación municipal.
- b) Faranse constar nas denuncias os datos e circunstancias que se consignan no artigo 71 da presente ordenanza.
- c) Se a denuncia se presentase ante os axentes de vixilancia de tráfico, formalizarase por eles o regulamentario boletín de denuncia, no que se farán constar, ademais dos requisitos esixidos no artigo citado ao apartado b), se persoalmente comprobou non a infracción denunciada, así como o nome e domicilio do particular denunciante, remitindo un exemplar do boletín á Alcaldía para a súa tramitación, sen prexuízo de entregarlle un duplicado ao denunciado se fose posible.

ARTIGO 75

Requisitos das denuncias por feitos alleos á circulación.

1. Nas denuncias por feitos alleos á circulación especificaranse todos os datos necesarios para a exacta descrición destes.
2. Nestas denuncias consignarase o nome, enderezo, profesión do denunciante e a súa sinatura.

ARTIGO 76

Tramitación de denuncias.

1. Recibida a denuncia na Alcaldía, procederase á cualificación dos feitos e graduación da multa ou a verificación da cualificación e multa consignadas nela polo axente denunciante, impulsándose a anterior tramitación ou proponéndose polo órgano instrutor á autoridade competente a correspondente resolución que declare a inexistencia de infracción no caso de que os feitos denunciados non fosen constitutivos desta, ou a improcedencia de impoñer sanción, nos supostos en que non poida identificarse o seu autor.
2. Sen prexuízo de que os órganos competentes poidan comprobar os feitos referentes, nos casos en que poidan supoñer un risco para a seguridade viaria, as denuncias de carácter anónimo serán arquivadas sen que deban efectuarse posteriores trámites ao respecto.

ARTIGO 77

Notificación de denuncias.

1. Como norma xeral as denuncias de carácter obrigatorio formuladas polos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico, notificaránselle no acto aos denunciados, facendo contar nestas os datos referentes ao artigo 94 desta ordenanza, así como que con elas quedan incoados os correspondentes expedientes e, en consecuencia, que dispoñen dun prazo de quince días hábiles para que aleguen canto consideren conveniente na súa defensa e propongan as probas que estimen oportunas. Por razóns xustificadas que deberán constar nas propias denuncias, poderánlle ser notificadas estas con posterioridade.
2. As denuncias formuladas polos axentes da autoridade sen parar os denunciados non serán válidas, agás que consten nelas as causas concretas e específicas polas que non foi posible deter o vehículo ou notificar a denuncia.

ARTIGO 78

Enderezo das notificacións.

1. Para efectos de notificacións, considerarase enderezo do condutor e do titular do vehículo aquel cós interesados indicasen e, no seu defecto, o que figure nos rexistros de condutores e infractores e no de vehículos, respectivamente.

Tanto os titulares de vehículos como de permisos para conducir están obrigados a comunicaren os cambios de domicilio.

2. As notificacións das denuncias que non se entreguen no acto e as demais notificacións a que dea lugar o procedemento sancionador, cursaranse ao domicilio indicado no anterior apartado deste artigo e axustaranse ao réxime e requisitos previstos no artigo 58.2 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
3. As denuncias formuladas en materia de centros de formación de condutores e de recoñecementos para condutores notificaranse ao domicilio que destes centros figure nos correspondentes rexistros.

ARTIGO 79

Instrución do procedemento.

A Sección de Circulación da Policía Local será o órgano instrutor dos expedientes e

deberá notificar as denuncias, se non se fixese polo denunciante, ao presunto infractor, concedéndolle un prazo de quince días hábiles para que alegue canto considere conveniente á súa defensa e proponha as probas que estime oportunas.

Das alegacións do denunciado, agás que non aporten datos novos ou distintos dos inicialmente constatados polo denunciante, darase traslado a este para que informe no prazo máximo de quince días.

Cando se trate dunha denuncia voluntaria e no escrito de alegacións se neguen os feitos imputados, daráselle traslado ao denunciante para que no prazo de quince días achegue as probas da infracción denunciada.

Durante o prazo de dez días seguintes ao da notificación desta denuncia, poderá facer efectiva a multa, cunha redución do 20%, na Tesouraría deste concello, sen prexuízo de facer uso do seu dereito de presentar alegacións no expediente.

ARTIGO 80

Período de proba.

1. Cando fose necesario para a investigación e cualificación dos feitos ou para a determinación das posibles responsabilidades, o órgano instructor acordará a apertura dun período de proba, por un prazo non superior a trinta días nin inferior a dez, co fin de que poidan practicarse cantas sexan axeitadas.

O órgano instructor do procedemento só poderá rexeitar mediante resolución motivada as probas propostas polos interesados, cando sexan improcedentes.

Nos casos en que, a petición do interesado, deban efectuarse probas onde a súa realización implique gastos que non deba soportar a Administración municipal, esta poderá esixir o anticipo destes, a reserva da liquidación definitiva, unha vez practicada a proba. A liquidación dos gastos practicarase unindo os comprobantes que acrediten a realidade e a súa contía.

2. Unha vez concluída a instrución do expediente e formulada a súa proposta de resolución, daráselle traslado desta aos interesados para que, nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince e con vista do expediente, poidan alegar o que estimen pertinente e presentar os documentos oportunos que teñan.

ARTIGO 81

Presunción de veracidade das denuncias efectuadas polos axentes da autoridade.

As denuncias efectuadas polos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico terán valor probatorio respecto dos feitos denunciados, sen prexuízo do deber de aqueles de aportar todos os elementos probatorios que sexan posibles sobre o feito denunciado e das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achegar os propios denunciados.

ARTIGO 82

Resolución.

1. O alcalde-presidente ditará resolución sancionadora ou resolución que decrete a inexistencia da infracción, sucintamente motivada, no prazo de seis meses a contar desde que se iniciou o procedemento e decidirán todas as cuestións presentadas polos interesados e aquelas outras derivadas do procedemento.
2. A resolución non poderá ter en conta feitos distintos dos determinados na fase de instrución do procedemento, sen prexuízo da súa diferente valoración xurídica.

ARTIGO 83

Caducidade.

Se non recaese resolución transcorridos trinta días dende a finalización do prazo de seis meses desde a iniciación do procedemento, producirase a caducidade deste, e procederase a arquivar as actuacións, a solicitude de calquera interesado ou de oficio polo propio órgano competente para ditar a resolución, agás nos casos nos que o procedemento se paralizase por causa imputable aos interesados ou nos supostos de

suspensión do procedemento previstos no artigo 75 desta ordenanza.

ARTIGO 84

Recursos.

As resolucións ditadas polo alcalde-presidente en materia de tráfico en expedientes sancionadores, que poñen fin á vía administrativa, só serán recorribles ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, logo da comunicación ao órgano que ditou o acto.

ARTIGO 85

Prescrición.

- 1.—A acción para sancionar as infraccións prescribe aos tres meses, contados a partir do día no que se cometeran os feitos.

Previamente á iniciación do procedemento sancionador, comprobarase se a infracción prescribiu, acordándose, en tal caso, a non procedencia da súa iniciación.

A prescrición interrómpese por calquera actuación da Administración municipal da que teña coñecemento o denunciado ou estea encamiñada a procurar a súa identidade ou domicilio ou pola notificación efectuadas de acordo co establecido no artigo 84 desta ordenanza.

O prazo de prescrición continuarase se o procedemento estivese paralizado, durante máis dun mes por causa non imputable ao denunciado.

- 2.—O prazo de prescrición para a execución da sanción será dun ano, e comezará a contarse desde o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impuxese esta sanción, este prazo só se interromperá pola iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento en execución.
- 3.—A prescrición aplicarana de oficio os órganos competentes nas diversas fases de tramitación do expediente.

ARTIGO 86

Execución de sancións

- 1.—Non se poderá proceder á creación das sancións previstas nesta ordenanza que non requirisen firmeza na vía administrativa
- 2.—A suspensión das autorización reguladas nesta ordenanza levaranse a efecto, unha vez que adquira firmeza a sanción imposta, mediante orde cursada ao infractor para que entregue o documento, obxecto de suspensión, ao axente da autoridade que se indique.
En caso de desobediencia a esta orde pasaráselle o tanto de culpa á autoridade xudicial.
- 3.—Con independencia do sinalado no número anterior, tomará razón nos rexistros correspondentes do período de suspensión. O exercicio das actividades propias da respectiva autorización durante este período, aínda que se faga co documento non entregado, será considerada para todos os efectos, como infracción.

ARTIGO 87

As multas deberán facerse efectivas na Caixa Municipal dentro dos quince días hábiles seguintes á data da súa firmeza.

- 1.—Vencido o prazo de ingreso establecido no apartado anterior sen que se satisfíxese a multa, a súa exacción levarase a cabo pola vía de constrinximento, co recargo e custos que correspondan. Para ese efecto, será título executivo a Certificación de Descuberto expedida pola Intervención Xeral municipal.
- 2.—Cando as sancións fosen impostas pola Alcaldía, os órganos e procedementos da Recadación Executiva serán os establecidos na Ordenanza xeral de recadación do Concello do Grove, Regulamento xeral de recadación e demais normas de aplicación.
- 3.—Os actos de xestión recadatoria en vía de constrinximento ditados polos órganos da Administración municipal respecto das multas impostas por infraccións á Ordenanza municipal de circulación serán impugnables en vía contencioso-administrativa logo da interposición do recurso de reposición.

ARTIGO 88¹

Os estacionamentos regulados e con horario limitado, que existirán naquelas rúas e zonas habilitadas e sinalizadas para iso, que en todo caso deberán de coexistir cos de libre utilización, someteranse ás seguintes determinacións:

1. O estacionamento efectuarase mediante disco comprobante horario, que indicará a hora e o día do mes, ou semana, do estacionamento.
2. O condutor do vehículo está obrigado a colocar o disco horario no lugar da parte interna do parabrisas que permita totalmente a súa visibilidade desde o exterior.
3. O período máximo de permanencia dun vehículo en zona azul será de unha hora.
4. Quedan excluídos desta limitación, os vehículos da policía, bombeiros, ambulancias e médicos en servizo de urxencia.
5. Unha vez concluído o tempo máximo de autorización, o vehículo deberá de abandonar o aparcamento, e non poderá volver a estacionar na mesma rúa ou praza ata transcorridas dúas horas.
6. O horario de limitación comprenderá de 09.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 20.00 horas, agás os domingos e festivos e a tarde dos sábados, que non haberá limitación.
7. Despois de sinalar a hora de chegada no disco horario, non se poderá variar ata que o vehículo abandone o estacionamento en zona azul.

ARTIGO 89

Constituirán infraccións específicas desta modalidade de estacionamento:

1. A falta de disco comprobante horario.
2. Superar o límite horario indicado no comprobante unha hora.
3. Modificar a hora de chegada despois do estacionamento.
4. Estacionar de novo o vehículo na mesma rúa ou praza, antes de transcorrer dúas horas contadas desde a hora de chegada.
5. Ocupar dúas prazas de estacionamento, ou non se axustar ao espazo marcado para o vehículo.

ARTIGO 90

Cando un vehículo estea estacionado en zona de estacionamento regulado e con horario limitado durante máis dunha hora e media, contado desde que fora denunciado polo incumprimento das normas que regulen este tipo de estacionamento, poderá ser inmovilizado, co obxecto de identificar o seu condutor e notificar a denuncia pertinente, podendo igualmente ser retirado e trasladado ao depósito municipal. Neste caso, notificaránselle á persoa que pida a devolución do vehículo os gastos que supoñan a inmovilización, o traslado e o depósito, segundo proceda, de acordo co que determine a ordenanza vixente sobre traslado e depósito de vehículos.

ARTIGO 91

Considerando que a ocupación da vía pública co estacionamento de vehículos supón o uso dun ben escaso que debe ser repartido, en virtude das facultades que se lle recoñecen ao Concello no art. 25 da LRBRL e no art. 7 do Texto articulado da Lei sobre tráfico e circulación e seguridade viaria, créase o servizo público de zona azul, que pretende acadarlles o acceso igualitario e limitado de todos os condutores ao aparcamento nas zonas onde este é especialmente escaso.

As rúas, prazas, etc. onde se aplique o estacionamento limitado gratuito zona azul, estarán reguladas polo correspondente bando da Alcaldía.

ARTIGO 92

¹ Os artigos 88, 89, 90, 91 e 92 fóronlle engadidos a esta ordenanza como “Modificación da Ordenanza de tráfico para a regulación da zona de estacionamento limitado (zona azul)” logo de seren aprobados na sesión plenaria que tivo lugar o 29/07/2004 e publicados no BOP de Pontevedra núm. 5, do 10/01/2005.

Prevense como sancións ao abeiro da normativa vixente na materia por estacionar en zona azul por tempo superior a unha hora no mesmo lugar da zona de estacionamento regulado 14 €, e por modificar a hora de chegada, despois de estacionar o vehículo en zona azul sen cambialo de lugar, 36 €.

O Grove, 14 de xullo de 1998. O alcalde, José Antonio Galiñanes Mascato.

(BOP de Pontevedra, núm. 146, venres 31/07/1998)

CADRO DE CONTÍAS DE MULTAS POR INFRACCIÓN DE TRÁFICO²

ART. DO RXC/LSV	Contía da multa		FEITO DENUNCIADO
	Total	Dto. 30%	
<i>1. <u>NORMAS XERAIS</u></i>			
3 RXC 9 LSV	160 €	112 €	Conducir de modo negligente (supón falta de atención ou de coidado. Débese detallar en que consiste a negligencia).
3 RXC 9 LSV	310 €	217 €	Conducir de modo temerario (supón imprudencia ou menosprezo. Débese detallar en que consiste).
7.1 RXC	35 €	24.50 €	Circular cun vehículo lanzando fumes que resulten nocivos ou dificulten a visibilidade.
7.2 RXC 54.2 OM	60 €	42 €	Circular cun ciclomotor con escape libre ou con silenciador ineficaz.
7.3 RXC	60 €	42 €	Circular cun vehículo de motor con escape libre ou con silenciador ineficaz.
7.4 RXC	60 €	42 €	Circular cun vehículo de motor ou un ciclomotor expulsando os gases do motor a través dun tubo resoador.
12 RXC	35 €	24.50 €	Circular dúas persoas nun ciclomotor.
9 RXC	310 €	217 €	Excederse nun 50 % a ocupación de prazas do vehículo, excluído o condutor (nun turismo de 5 prazas ir 7 ou máis).
9.1 RXC	35 €	24.50 €	Transportar, nun vehículo, un número de persoas superior ao de prazas autorizadas.
10 RXC 11.2 LSV	35 €	24.50 €	Transportar, nun vehículo, persoas en lugar distinto ao destinado e acondicionado para iso.
10 RXC	60 €	42 €	Circular con menores de doce anos en asentos dianteiros do vehículo, sen utilizar dispositivo de seguridade homologado.
11 LSV	60 €	42 €	Circular con menores de doce anos como pasaxeiros de ciclomotores ou motocicletas. (Excepción a maiores de 7 anos se conducen os pais ou persoa maior de idade autorizada)
13 RXC	92 €	64.40 €	Circular por vía urbana cun vehículo que exceda das dimensións permitidas (10 t de P M A e/ou 10 metros de longo)
18.1 RXC 11.2 LSV	35 €	24.50 €	Conducir un vehículo sen manter a propia liberdade de movementos (p. e. , ir tres ou máis nos asentos dianteiros)
18.1 RXC 11.2 LSV	35 €	24.50 €	Conducir un vehículo sen manter o campo de visión (p. e. , levar vultos no asento dianteiro tapando a visión).
18.1 RXC 11.2 LSV	60 €	42 €	Conducir un vehículo sen manter a atención permanente á condución (p. e., utilizando o teléfono)
18.2 RXC 11.3 LSV	60 €	42 €	Conducir usando auriculares conectados a aparellos receptores ou reprodutores de son.
20 RXC	310 €	217 €	Conducir o vehículo cunha taxa de alcol expirado de 0.26 a 0.50 mg/l
	400 €	280 €	Conducir o vehículo cunha taxa de alcol expirado a partir de 0.51 mg/l e en caso de condutores noveis ou profesionais.
110.1 RXC 44.3 LSV	60 €	42 €	Facer uso inmotivado ou esaxerado de sinais acústicos.
110.1 RXC 44 LSV	60 €	42 €	Usar sinais acústicos estridentes.
117 RXC 47.1 LSV	35 €	24.50 €	Non utilizar o cinto de seguridade.
118.1 RXC 47.1 LSV	35 €	24.50 €	Non utilizar o casco protector homologado en moto ou ciclomotor.
<i>2. <u>OPERACIÓNS DE CARGA E DESCARGA</u></i>			
16 RXC	60 €	42 €	Efectuar operacións de carga e descarga ocasionando perigo ou perturbando gravemente o tránsito doutros usuarios.
16 RXC	60 €	42 €	Efectuar operacións de carga e descarga sen respectar as disposicións municipais sobre horario e lugares..

² Este cadro de contías foi aprobado na sesión plenaria do 25/04/2002 para ser incorporado á Ordenanza municipal de tráfico e publicouse no BOP de Pontevedra núm. 175, do 12/09/2002.

<i>3. SENTIDO DE CIRCULACIÓN</i>			
29.2 RXC 13 LSV	160 €	112 €	Circular pola esquerda en vía de dobre sentido de circulación. (Se existe perigo, aplicar o artigo 3)
<i>4. VEHÍCULOS</i>			
46.1 B) RXC 19.1 LSV	160 €	112 €	Circular sen moderar a velocidade ou deterse en caso necesario cando haxa peóns na vía, ou ao aproximarse a un paso de peóns, a un mercado ou a un autobús parado.
55.2 RXC 20.5 LSV	310 €	217 €	Establecer competencia de velocidade en vías públicas.
<i>5. PRIORIDADE EN INTERSECCIONS</i>			
56.2 RXC	160 €	112 €	Non ceder o paso nunha intersección regulada por un axente, facendo caso omiso ás ordes deste.
56.3 RXC 24 LSV	160 €	112 €	Non ceder o paso nunha intersección regulada por un semáforo, cando así o indiquen as luces correspondentes.
56.5 RXC 24 LSV	160 €	112 €	Non ceder o paso nunha intersección regulada con sinal vertical de STOP ou de CEDA O PASO.
57.1 RXC 24 LSV	160 €	112 €	Non ceder o paso nunha intersección sen regular, a outro que se aproxime pola súa dereita.
59.2 RXC 24 LSV	60 €	42 €	Quedar detido nunha intersección, impedindo a circulación transversal.
<i>6. PRIORIDADE EN PASO DE PEÓNIS</i>			
65.1 A) RXC 23.1 A) LSV	160 €	112 €	Non respectar a prioridade en paso de peóns, nun lugar debidamente sinalizado.
65.1 A) RXC 23.1 C) LSV	160 €	112 €	Cruzar co vehículo a beirarrúa ou beiravía sen concederlle prioridade ao peón.
<i>7. INCORPORACIÓN Á CIRCULACIÓN</i>			
72.1 RXC 26.1 LSV	160 €	112 €	Incorporarse á circulación, estando parado ou estacionado, sen ceder o paso a outro vehículo obrigando a un condutor a manobrar bruscamente.
<i>8. CAMBIO DE DIRECCIÓN</i>			
74.1 RXC 28.1 L. S. V	160 €	112 €	Realizar un xiro co vehículo sen advertilo con suficiente antelación aos condutores que circulan detrás.
74 RXC	160 €	112 €	Xirar á esquerda con perigo para os que se achegan en sentido contrario obrigándoos a manobrar bruscamente.
74.2 RXC 28.2 LSV	160 €	112 €	Desprazarse lateralmente para cambiar de carril sen respectar a prioridade do que circula polo carril que se pretende ocupar.
<i>9. CAMBIO DE SENTIDO DA MARCHA</i>			
78.1 RXC 29 LSV	160 €	112 €	Efectuar o cambio de sentido de marcha sen advertilo con antelación.
78.1 RXC 29 LSV	160 €	112 €	Efectualo con perigo obstaculizando a outros usuarios.
<i>10. CIRCULAR MARCHA ATRÁS</i>			
81.1 RXC 31.2 LSV	60 €	42 €	Non efectuar lentamente a manobra de marcha atrás ou non efectuala coa máxima precaución.
<i>11. ESTACIONAMENTOS</i>			
90.2 RXC 38.2 LSV	60 €	42 €	Estacionar un vehículo separado do bordo da calzada.
91.2 A) RXC	92 €	64.40 €	Estacionar o vehículo de forma que non permite o paso a outros non deixando libre un carril ou deixando un espazo inferior a tres metros.

91.2 B) RXC	92 €	64.40 €	Estacionar o vehículo impedindo a outro debidamente parado ou estacionado, incorporarse á circulación.
91.2 C) RXC 92.2 F) RXC 21-13 OM	92 €	64.40 €	Estacionar obstaculizando a normal utilización do paso de saída ou acceso a un inmovible de vehículos, persoas ou animais.
91.2 D) RXC	92 €	64.40 €	Estacionar o vehículo obstaculizando a normal utilización dos pasos rebaixados para diminuídos físicos.
91.2 E) RXC	92 €	64.40 €	Estacionar nas medianas, separadores, illas ou outros elementos de canalización do tráfico.
91.2 F) RXC	92 €	64.40 €	Estacionar impedindo o xiro autorizado polo correspondente sinal.
91.2 G) RXC 94.2 C) RXC 43.4 OM	92 €	64.40 €	Estacionar en zona reservada a carga e descarga durante as horas de utilización.
91.2 H) RXC 94.2 G) RXC 21.4 OM	92 €	64.40 €	Estacionar en dobre fila sen condutor.
91.2 I) RXC 94.1 I) RXC	92 €	64.40 €	Estacionar nunha parada de transporte público (bus ou taxi) sinalizada e delimitada.
91.2 J) RXC	92 €	64.40 €	Estacionar en espazos reservados a servizos de urxencia ou seguridade.
91.2 L) RXC	92 €	64.40 €	Estacionar no medio da calzada.
91.2 M) RXC	92 €	64.40 €	Calquera estacionamento que constitúa un perigo ou obstacule gravemente a circulación (p. e., estacionar en esquina).
92.1 RXC	60 €	42 €	Estacionar un vehículo sen situalo paralelamente ao bordo da calzada (p. e., en batería).
92.2 RXC	60 €	42 €	Estacionar de forma que non permita a mellor utilización do resto do espazo dispoñible.
94.2 A) RXC	92 €	64.40 €	Estacionar no paso de peóns (en relación co artigo 94.1 B) RXC).
94.2 A) RXC	92 €	64.40 €	Estacionar en zona monumental, sen autorización correspondente (tarxeta de residente, p. e.), en relación con artigo 94.1 C) RXC
94.2 B) RXC	60 €	42 €	Estacionar en lugares habilitados pola autoridade municipal como de estacionamento con limitación horaria, sen colocar o distintivo que o autoriza, ou cando colocado o distintivo se mantéña estacionado o vehículo en exceso sobre o tempo máximo permitido pola ordenanza municipal.
94.2 D) RXC	92 €	64.40 €	Estacionar en zona sinalizada para uso exclusivo de persoas discapacitadas (con tarxeta).
94.2 E) RXC 10 OM	160 €	112 €	Estacionar sobre a beirarrúa.
94.2 E) RXC	250 €	175 €	Estacionar sobre a beirarrúa coas catro rodas.
94.2 E) RXC	250 €	175 €	Estacionar sobre a beirarrúa, impedindo o paso de peóns, obrigándoos a baixar á calzada.
12. <u>COMPORTAMENTO ANTE ACCIDENTES</u>			
129 RXC 51.1 LSV	160 €	112 €	Non avisar ou non colaborar cos axentes, estando implicado nun accidente de circulación.
129 RXC 51.1 LSV	160 €	112 €	Negarse a facilitar datos a outros implicados no accidente de circulación.
13. <u>SINALIZACIÓN</u>			
132.1 RXC 53.1 LSV	92 €	64.40 €	Non obedecer os sinais de circulación que establezan unha obrigación ou unha prohibición.
132.3 RXC	160 €	112 €	Non obedecer as indicacións dos semáforos.
143 RXC	160 €	112 €	Non obedecer as ordes ou sinais do axente (se se trata de regulación nun cruzamento, aplicar o artigo 56. Se se trata de condución temeraria, aplicar o artigo 3).

No non previsto no presente cadro de sancións, aplicaranse as previstas na Lei 19/2001 na súa contía media.

O Grove, 22 de agosto de 2002. O alcalde, Miguel Ángel Pérez García.

(BOP de Pontevedra núm. 175, xoves 12/09/2002)